



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, Alcalde do Concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza da Secretaria de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2024/A008/000048 (Subv.)

Expte. TEDEC: 2025/X998/000138 (Bolsa)

Expte. TEDEC: 2025/G003/000713 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que ao Concello da Baña se lle concedeu unha subvención en réxime de concorrencia non competitiva do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico de normalización lingüística no 2025 FONL/2025 no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Visto que no BOP nº 140, de 24 de xullo, foron publicadas as bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación, como persoal laboral temporal do grupo I, dun/dunha técnico/a de normalización lingüística, destinada a cubrir as necesidades de persoal derivadas da posta en marcha do programa *A Baña en galego*, promovido polo Concello da Baña, aprobadas por decreto nº 525/2025, de 18 de xullo de 2025. A bolsa de emprego que se constituía entenderase prorrogada de facto mentres dure a concesión da subvención actual e as sucesivas que se concedan a este Concello.

Visto que no punto terceiro das citadas bases reguladoras, Forma e prazo de presentación de solicitudes, se establece que as solicitudes de participación no proceso seguirán o modelo que figura nos anexos II e III das bases, e que o prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña (publicación feita o 24 de xullo de 2025).

Visto que no punto cuarto das bases reguladoras figura que expirado o prazo de presentación de solicitudes para a inclusión na bolsa, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos para a realización das probas, na que se incluírá expresamente as causas de exclusión, e a relación de persoas que terán que realizar a correspondente proba de galego.

Visto que no BOP nº 158, de 21 de agosto, foi publicada a listaxe provisional de aspirantes para a creación da bolsa de emprego para a contratación, como persoal laboral temporal, dun/dunha técnico/a de normalización lingüística no Concello da Baña.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que no punto cuarto das bases reguladoras figura que as persoas interesadas terán 10 días hábiles para formular reclamacións ou subsanar os defectos dos que adoeza a solicitude, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición das listaxes provisionais de admitidos/as e excluídos/as.

Visto que as persoas que figuraban como excluídas provisionalmente por non presentar Anexos II e/ou III subsanaron en prazo os defectos na presentación de documentación.

Visto que, segundo o establecido pola Secretaría Xeral da Lingua:

Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):

•Universidades

- Título de licenciado en Filoloxía galega ou Filoloxía hispánica (subsección galego-portugués)*
- Título de grao en Lingua e literatura galega, en Estudos de galego e español e en Galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios.*
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou grao, sempre que se acompañe da certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega e se estea en posesión do Celga 4. Estes créditos deben pertencer a materias cuxos contidos sexan específicos de lingua galega. Polo tanto, non se terán en conta materias tales como literatura galega, historia da lingua galega, didáctica da lingua galega, tradución...*

•EOI

- Certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro*
- Certificado do nivel C2 de lingua galega do Marco Europeo Común de referencia para as linguas.*

Visto que as persoas que figuraban na listaxe provisional para realizar a proba de galego acreditan estar en posesión do *Título de licenciado/a en Filoloxía galega ou Filoloxía hispánica (subsección galego-portugués); Título de grao en Lingua e literatura galega, en Estudos de galego e español e en Galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios*, polo que non teñen que realizar a citada proba.

Visto que base cuarta das bases reguladoras se sinala que entre a publicación da listaxe definitiva e a data da celebración do primeiro exame trascorrerán un mínimo de 3 días.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a fase de oposición, que consistirá na realización de dúas probas de capacidade e aptitude eliminatorias e



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

obrigatorias (un cuestionario tipo test e o desenvolvemento escrito de dous temas) ás que deberán acudir provistos/as do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir, que acrediten a súa identidade, tal e como figura na base sexta das bases reguladoras do proceso, e que é a seguinte:

	EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DNI	PROBA GALEGO	ADMITIDO/A
1	2025/ E002/000023	BARREIRO FUENTES, AINHOA	***8465**	NON	SI
2	2025/E002/000024	BOUZAS GORGAL, BELÉN	***4801**	NON	SI
3	2025/E002/000025	CAMPAÑA ABUÍN, VÍCTOR MANUEL	***5747**	NON	SI
4	2025/E002/000026	SENDINO GESTOSO, UXÍA	***1584**	NON	SI
5	2025/E002/000027	FERRO DIZ, LUCÍA	***7300**	NON	SI
6	2025/E002/000028	KERDUDO BAXTER, ARGANTAEAL ALVA	***8865**	NON	SI

Terceiro: Proceder ao nomedamento do tribunal cualificador, e que se relaciona a continuación:

Presidenta:

Carmen del Río Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación do Concello de Carballo

Suplente:

Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira

Secretaria:

Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnica contable-Tesoureira do Concello da Baña

Suplente:

Rocío Caamaño Gerpe, Auxiliar Administrativa do Concello da Baña

Vogal 1:

M^a Carme Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo

Suplente:

Dores Sánchez Alegre, técnica de normalización lingüística da Deputación da Coruña

Vogal 2:

Nuria Seoane Bouzas, técnica de normalización lingüística do Concello da Coruña

Suplente:

Concepción Cochón Rodríguez, técnica de normalización lingüística do Concello de Pontevedra.

Vogal 3:

Sonia Nieto López, Oritentadora laboral do Concello de Negreira

Suplente:

Natalia Suárez García, psicóloga do CIM do Concello de Negreira

Cuarto: Establecer a data, hora e lugar para a realización da fase oposición:

- Venres 26 de setembro, ás 09:30 horas, no Edificio Escolas Vellas do Concello da Baña, sito en r/ Tedelle, s/n, A Baña.

Quinto: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, José Antonio Pereira Gil, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria – Interventora Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal